

TRIBUNAL CUALIFICADOR PROCESO SELECTIVO XERENCIA

ACTA Nº3

Lugar, data e hora: Sala de reunións de INCOLSA. Mércores 8 de xuño de 2016.
16.30 horas.

Asisten:

Presidente: D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo

Representante Asociación de Hostelería: D. Ramón García Seara

Representante Cámara de Comercio: D. Fernando Barros Fornos

Representante Cetur: D. Miguel Pazos Otón

Representante Axencia de Turismo de Galicia: D^a Elena Barca Ramos

Representante sindical do persoal de INCOLSA: D^a Aurea M^a Prieto Pérez

Secretario: D^a Rocío Montañés Fernández

Orde do día:

Único: Resolución de reclamacións e aprobación da listaxe definitiva de candidaturas.

Comenza o tribunal a análise das reclamacións segundo a data da súa presentación no Rexistro. Se deixa constancia de que o criterio do Tribunal con respecto á valoración dos méritos alegados na primeira fase no aspecto relativo á "formación" foi considerar que se outorgaría a totalidade dos puntos asignados a cada un dos epígrafes cando se acreditara a estar en posesión de alomenos un título dos mencionados no epígrafe correspondente, considerando esta a puntuación máxima do mesmo. Así, por exemplo, no epígrafe 7 a xustificación dun curso superior de especialización universitaria sería suficiente para acadar a máxima puntuación no subcriterio (3 puntos nese suposto), non podendo valorarse máis nese epígrafe concreto por aplicación do límite de puntuación que figura nas bases.

Con respecto al apartado 8, relativo aos outros cursos universitarios de especialización vencellados ao sector turístico ou a tarefas intrínsecas á xestión, se valorarán cos 2 puntos asignados ao subcriterio aqueles cursos que, de xeito individual, cumpran co requisito de ter un mínimo de 50 horas lectivas.

Reclamación de Aser Álvarez González:

Revisados os termos da reclamación o Tribunal precisa o seguinte:

Formación: Xa foi valorada con 5 puntos a acreditación de outra titulación universitaria.

Con respecto ao Master Oficial en comunicación para o que solicita 4 puntos, o tribunal considera que non pode ser valorado con estes 4 puntos ao non ser un Master oficial senon un título propio dunha universidade.

No apartado de posgrado se lle outorgou a puntuación máxima de 3 puntos.

Experiencia profesional: Non valorada a dirección do festival de cine Carlos Velo ao considerar que se trata de experiencia como directivo en sector non turístico, no reflxada no informe de vida laboral, e haber prestado os traballos en compatibilidade cos prestados na Asociación de Hostelería e estar valorados estes consonte ao establecido na base 10.1 en virtude da cal se valora a de maior puntuación.

Coñecemento de idiomas: Non se acredita nin C1 nin C2 en inglés.

Á vista de canto antecede o Tribunal se ratifica na puntuación asignada ao candidato.

Reclamación de Maruxa Ledo Arias:

Formación: O Tribunal non valorou o Master en administración e dirección internacional de empresas do CEPADE ao non ser Master oficial, tal e como se desprende da propia web do CEPADE.

En canto aos títulos de posgrado e cursos universitarios de especialización xa conta coa máxima puntuación no subcriterio.

Experiencia profesional: O Tribunal considera correcta a puntuación asignada á vista dos méritos acreditados conforme ás bases ao valorar con 11 puntos a experiencia profesional.

Á vista de canto antecede o Tribunal se ratifica na puntuación asignada á candidata

Reclamación de Flavia Ramil Millarengo:

Experiencia profesional: Valorouse en función do certificado aportado en prazo. O certificado data do ano 2009, sen que se poda aceptar neste momento do procedemento unha certificación actualizada.

Idiomas: Valorouse en función do certificado aportado en prazo, no que non se acreditaba estar en posesión do B2 en francés consonte ao establecido na tabla de equivalencias do Marco Común Europeo de referencia para as Línguas, sen que se poda aceptar neste momento do procedemento unha nova certificación.

Á vista de canto antecede o Tribunal se ratifica na puntuación asignada ao candidato.



Reclamación de Yolanda Ferro:

Formación : O certificado correspondente ao master de Comunicación e Protocolo non pode ser admitido como master oficial posto que na propia certificación aportada se especifica que non ten este carácter, non obstante se lle valorou como postgrado. No epígrafe de postgrado ou cursos de especialización acadou a máxima puntuación.

Con respecto aos outros cursos universitarios de especialización acreditados, o tribunal considera que non se axustan aos requisitos das bases que contemplan un mínimo de 50 horas por curso universitario de especialización.

En canto ao DEA, a aspirante non acredita a obtención desta titulación senon a sua matrícula nunha serie de cursos desta titulación.

Experiencia: Non se lle valora a experiencia como persoal directivo no Grupo de 16 Concellos para a promoción turística área Santiago por considerar que estes traballos se realizan dentro das súas tarefas como técnico de INCOLSA. Non constando informe de vida laboral que poida xustificar unha independencia destes traballos do seu contrato con INCOLSA.

En experiencia como técnico se lle outorga a máxima puntuación 5 puntos.

Idiomas: Valorado o C1 en inglés.

Á vista de canto antecede o Tribunal se ratifica na puntuación asignada á candidata.

Listaxe definitiva de candidaturas.

Consonte ao establecido na base 10.1 o Tribunal acorda aprobar definitivamente a listaxe de candidatos/aas que pasan á segunda fase do proceso selectivo que se celebrará o vindeiro xoves 16 de xuño as 9.30 horas no Pazo de Raxoi.


D. Luís Alcalá Baillie: 21 puntos

D^a. Flavia Ramíl Millarengo: 19 puntos

D. Ignacio Múgica Fanjul: 18 puntos

D. Aser Álvarez González: 16 puntos

D. Maruxa Ledo Arias: 16 puntos



Sendo as 18.30 horas se levanta a sesión. Dou fe.

